

E se fosse
hoxe?



Que é

E se fose hoxe?

E se fose hoxe? é un proxecto fotográfico da Área de Memoria Histórica da Deputación de Pontevedra que pretende poñer nas situacións de represión que se viviron en 1936 a persoas que ocupan os mesmos cargos na actualidade

Obxectivos

E se fose hoxe? persegue un dobre obxectivo:

- Dar a coñecer as vítimas do golpe de Estado de 1936 dun xeito máis humano para que a poboación en xeral e a mocidade en particular entendan que non eran distintas a nós e que non fixeron nada máis que loitar por unha sociedade máis xusta
- Alertar do perigo que suporía un novo auxe do fascismo e cales poderían ser as consecuencias se o golpe de Estado do 36 ocorrese hoxe

Protagonistas

Manuel García Filgueira. Titular da alcaldía pontevedresa no momento do golpe. Estivo trece anos, ata 1949, agochado nun tobo

Miguel Anxo Fernández Lores
Alcalde de Pontevedra



Manuel García Filgueira

Alcalde de Pontevedra en 1936



Autor: Carlos García Mourón
Museo de Pontevedra

Maximiliano Pérez Prego. Presidente da
Deputación de Pontevedra no verán de 1936.
Morreu no hospital tras enfermarse no
cárcere á espera do consello de guerra

Carmela Silva Rego
Presidenta da Deputación de Pontevedra



Maximiliano Pérez Prego

Presidente da Deputación de Pontevedra
en 1936



Bibiano Fernández Osorio-Tafall

Deputado nas Cortes de 1936, tras a derrota exiliouse e perdeu para sempre a súa familia, que non puido abandonar Pontevedra

Luís Bará

Deputado no Parlamento de Galicia



Next Train Train From

Platform Information

3

Bibiano Fernández Osorio-Tafall

Deputado nas Cortes de 1936



Juana Otero. Tras ser rapada e tatuada, a vilagarcía quixo facerse unha foto sen pelo “para que a historia nunca esqueza o que nos fixeron”

María Ortega

Deputada de Memoria Histórica en Pontevedra



Juana Otero

Rapada



Castelao. O debuxante e político
nacionalista pasou moitas
penurias económicas tras o
obrigado exilio. Morreu en Bos
Aires sen volver pisar Galicia

Kiko da Silva
Debuxante



Castelao

Político e debuxante nacionalista



Ernestina Otero. Directora da Escola Normal de Pontevedra durante a II República, tras o golpe foi depurada: impedíronlle seguir exercendo como docente durante anos

Anxos Rial

Profesora do IES Sánchez Cantón



Ernestina Otero

Directora da Escola Normal de Pontevedra
durante a II República



Ramiro Paz. Tras o fusilamento de quen fora concelleiro socialista en Pontevedra, as autoridades golpistas incautáronlle á familia a súa imprenta

Cano Paz

Libreiro e neto de Ramiro Paz



LIBRERIA
PAZ

INCAUTADO

Ramiro Paz

Concelleiro socialista en Pontevedra



**Johán Carballeira, José Fandiño
Pidre, Antonio Blanco e Agustín
Jorge Echeverri.** Alcaldes do
Morrazo fusilados tras o golpe
de 1936

**Félix Juncal, Leticia Santos, María Ramallo,
e Victoria Portas**
Titulares das alcaldías de Bueu, Moaña,
Marín e Cangas



Antonio Blanco

Alcalde de Marín en 1936



José Fandiño Pidre

Alcalde de Moaña en 1936



José Fandiño Padre. Anos 20. Cedida á A. C. Nós
por Bino Fandiño (Bino de Ché)

Johán Carballeira

Alcalde de Bueu en 1936



Agustín Jorge Echeverri
Alcalde de Cangas en 1936



Dámaso Carrasco. Consignatario vilagarcían preso en San Simón polo seu compromiso republicano. É o autor da maioría de fotografías de reos na illa que se conservan

Alba Díaz
Fotógrafa



Dámaso Carrasco

Preso vilagarcían



Dámaso Carrasco en San Simón
Fondo Margarita Teijeiro. Grupo HISTAGRA-USC

Créditos

Elenco

Fotografías: Alba Díaz

Escenografía: Amanda Seijas

Making of: Canal Rías Baixas

Contidos: Área de Memoria Histórica

Deseño gráfico: Servizo de Comunicación

Desenvolvemento da campaña: Comunicación Vicepresidencia

Agradecementos: Miguel Anxo Fernández Lores, Carmela Silva, Félix Juncal, Leticia Santos, María Ramallo, Victoria Portas, Luís Bará, Kiko da Silva, Cano Paz, Anxos Riveiro, alumnado do IES Sánchez Cantón, persoal de Saraiva, persoal da D. O. Rías Baixas, Carlos González (Adif), Aire Quinteiro, Uxía Senlle, Luísa Márquez, Carmen Abeledo, Lois Pérez, Eva Blanco, Carolina Neira e Tensi Gesteira



0 pasado por vir